



**ACTA nº 3 Procedemento de selección para a provisión, mediante oposición libre, de dúas (2) prazas de administrativo/a de Recursos humanos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (grupo C, subgrupo C1, escala de administración xeral, subescala administrativa) (BOP nº 190 06.10.2025)**

En data 14 de xaneiro de 2026 e sendo as 10:00 horas, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de dúas (2) prazas de administrativo/a de Recursos humanos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (grupo C, subgrupo C1, escala de administración xeral, subescala administrativa) (BOP nº 190 06.10.2025) , baixo a presidencia de dona Dona María Graciela Riveiro Moreira; e coa asistencia dos vogais: Dona Anabel Corral Corral, Don Carlos Collazo Martínez, Don Vitor Recarey Añón; actuando como secretaria dona María Luisa Sánchez Peñamaría, **quen dá fe do acto.**

**1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS.**

Por parte de dona Maria Noelia Gayoso López presentase, en data 22 de decembro do 2025, escrito no que formula alegacións contra á pregunta 49 do exame tipo test:

“Solicito modificación de la corrección de la pregunta 49 del citado proceso selectivo, por considerar que la misma no es correcta. Según la plantilla de respuestas publicada, se da como valida la opción b); no obstante, discrepo de dicha corrección,entendiendo que la respuesta correcta debería se la opción a). Se adjunta documento en el que se fundamenta y argumenta la presente alegación”

Fundamentación no artigo 169.1 a) do RDL 8/2015.

Por parte de dona Noelia Agromartín Vázquez presentase, en data 23 de decembro do 2025, escrito no que formula alegacións contra a pregunta 49 do exame tipo test:

“Solicito a anulación da pregunta”

Fundamentación nos artigos 169 e 174 do RDL 8/2015,

**-Sobre as alegacións a pregunta número 49:**

O enunciado da pregunta 49 dispón: “Cal é a duración máxima da incapacidade temporal?”

A pregunta é clara, pois inquire sobre a «duración máxima da incapacidade temporal», e tal máximo ven constituído pola duración que, como máximo, se pode conceder á mesma, e, do teor do artigo 169.1.a) RDL 8/20215, é evidente que a duración total máxima a conceder será a ordinaria máis todas as prórrogas das que sexa susceptible, é dicir, un total de 365 días máis outros 180 días, é dicir, 18 meses.

Non parece admisible o alegato sobre se a pregunta se poidera referir ao dereito ao subsidio, pois se indica expresamente a duración máxima da incapacidade temporal.

**Polo que se debe desestimar a alegación.** A pregunta indica un total, e por tal debe tomarse o máximo posible desde o punto de vista normativo.

Por parte de don Alberto Ruiz Valencia presentase, en data 22 de decembro do 2025, escrito no que formula alegacións contra as preguntas 4 e 12 do exame tipo test:

“Solicito anulación de las preguntas 4 y 12 según lo expuesto en el siguiente escrito de alegaciones”  
Fundamentación no caso da pregunta núm.4 nos artigos 4 e 22 da ley 7/1985, e no caso da pregunta 12 no artigo 1.6 do Código civil.

**-Sobre a alegación a pregunta número 4:**

O enunciado da pregunta 4 dispón: De conformidade co artigo 106 da Lei 7/1985 de bases do réxime local , a potestade regulamentaria das entidades locais exercerase a través de:

Tal e como sinala o propio interesado na súa reclamación, a pregunta sinala «de conformidade co art. 106 da Lei 7/1985» . Non se trata, pois, dunha pregunta en abstracto, se non concretamente restrinxo ao establecido no citado artigo 106.

O artigo, 106.2 da Lei 7/1985 establece:

«2. La potestad reglamentaria de las entidades locales en materia tributaria se ejercerá **a través de Ordenanzas fiscales reguladoras de sus tributos propios y de Ordenanzas generales de gestión, recaudación e inspección.** Las Corporaciones locales podrán emanar disposiciones interpretativas y aclaratorias de las mismas»

**E por tanto a alegación debe ser desestimada.**



#### -Sobre a alegación a pregunta número 12:

O enunciado da pregunta 12 dispón: Segundo o establecido no art. 3.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Estatuto dos traballadores, os dereitos e obrigas relativos á relación laboral regúlanse (INDIQUE A ERRONEA):

Tal e como sinala o propio interesado na súa reclamación, a pregunta inquire por cales son as fontes da relación laboral «segundo o art. 3.1» do Estatuto dos Traballadores. Non se trata, pois, dunha pregunta en abstracto, sobre cales sexan as fontes da relación laboral no ordeamento xurídico español de aplicación, senón de cales son as citadas no art. 3.1 ET, e, como acertadamente sinala no seu argumentario, é o art. 1.6 do Código Civil o que outorga á xurisprudencia a condición de fonte do ordeamento xurídico.

A pregunta non indica que se requira unha identificación «estritamente literal da listaxe do artigo», por canto xa indica que se refire ás fontes previstas no art. 3.1, e non estende a pregunta ás fontes da relación laboral no ordeamento xurídico.

Polo tanto, o enunciado da pregunta é claro, ao inquirir por cal das fontes non estaría prevista no art. 3.1 ET, de xeito que **a alegación debe ser desestimada.**

Por parte de dona Lidia Bermúdez Dafonte presentase, en data 23 de decembro do 2025, escrito no que solicita revisión da súa plantilla de respostas:

Revisada a plantilla de respostas código E001-04-0040, facilitado pola aspirante no seu escrito, determinase que non existe variación respecto da puntuación obtida na listaxe provisional e polo tanto a corrección inicial é a correcta.

## 2. RESULTADOS DEFINITIVOS DO PRIMEIRO EXERCICIO:

Logo da resolución das alegacións, os aspirantes que superaron o primeiro exercicio do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de dúas (2) prazas de administrativo/a de Recursos humanos do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña (grupo C, subgrupo C1, escala de administración xeral, subescala administrativa) (BOP nº 190 06.10.2025) , son os seguintes:

Número de código	Correctas	Incorrectas	Branco	Puntuación
E001-04-0010	44	3	3	12,9
E001-04-0025	44	3	3	12,9
E001-04-0009	43	4	3	12,5
E001-04-0033	41	6	3	11,7
E001-04-0011	40	6	4	11,4
E001-04-0021	40	8	2	11,2
E001-04-0027	40	10	0	11
E001-04-0042	39	7	4	11
E001-04-0008	39	10	1	10,7
E001-04-0001	39	11	0	10,6
E001-04-0019	38	11	1	10,3
E001-04-0015	36	5	9	10,3
E001-04-0030	38	12	0	10,2
E001-04-0036	37	9	4	10,2
E001-04-0028	36	7	7	10,1
E001-04-0035	37	12	1	9,9
E001-04-0032	36	9	5	9,9
E001-04-0020	37	12	1	9,9
E001-04-0012	35	7	8	9,8
E001-04-0022	36	10	4	9,8
E001-04-0038	36	11	3	9,7



E001-04-0041	33	9	8	9
E001-04-0040	32	9	9	8,7
E001-04-0031	30	7	13	8,3
E001-04-0014	32	14	4	8,2
E001-04-0029	32	14	4	8,2
E001-04-0034	31	12	7	8,1
E001-04-0039	31	12	7	8,1

### 3.APERTURA DOS SOBRES IDENTIFICATIVOS.

Coa finalidade de garantir o anonimato na realización e posterior corrección das persoas aspirantes, antes de comezar os exames repartíronse de maneira aleatoria uns códigos de identificación que foron depositados nun sobre. Procederase, en acto público, á apertura dos mesmos o vindeiro 16.01.2025 na sede do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento da Coruña.

Os datos identificativos serán publicados no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña , así como na súa páxina web (<https://www.cciacoruna.com/noticia.php?noticia=276&idioma=gl>)

### 4.CONVOCATORIA SEGUNDO EJERCICIO.

Convocar a tódolos membros do tribunal e aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio para a realización do segundo exercicio, conforme o establecido na base VII, que terá lugar **o xoves 22 de xaneiro do 2026, ás 11:00 horas** no Edificio Forum situado na praza dos bombeiros voluntarios, s/n 15100 Carballo (A Coruña).

A presidenta dá por terminada a reunión ás 11.15 horas.